

**VENRES 24 DE FEBREIRO-20:30 H**  
**"Búho" de Titzina Teatre (Barcelona)**



**PA**

TEATRO  
Público adulto  
Con entrada: 6 e 4,50 €  
Duración: 80'

**Autor:** Diego Lorca  
**Dirección e elenco artístico:** Diego Lorca e Pako Merino

Pablo, un antropólogo forense especializado en xacementos paleolíticos sofre un ictus que lle provoca unha amnesia severa. Asistimos a unha búsqueda interior pola súa memoria para recuperar os seus recordos, en definitiva, a súa identidade.

**VENRES 17 DE MARZO-20:30 H**  
**"5º Festival de primavera" Recital poético**



**+13**

RECITAL POETICO  
Público adulto  
Entrada con invitación  
Duración: 60'

Con motivo do Día Mundial da Poesía o 21 de marzo, o escritor **Alfredo Ferreiro Salgueiro** organiza e presenta un "Recital de primavera" no que participarán poetas e intérpretes musicais pertencentes a Escola Municipal de Música de Arteixo.

**VENRES 3 DE MARZO-20:30 H**  
**"A nai" de Amorodio Teatro**

**PA**


TEATRO  
Público adulto  
Con entrada: 3 e 2,25 €  
Duración: 70'

Anos 40. Ribadavia. Tres irmás, Lola, Amparo e Julia Touza Domínguez. Unha ruta de escape. Unha historia sobre a reconciliación co ser humano, de xenerosidade, de valentía, de valor, de medo e de silencio a partes iguais.

**Autora:** Laura Porto  
**Dirección:** Marián Bañobre  
**Elenco artístico:** Carmen Facorro, Javier Castiñeira e Raquel Velasco



**VENRES 24 DE MARZO-20:30 H**  
**"N.E.V.E.R.M.O.R.E. (a caixa negra do Prestige)" de Chévere**



**PA**

TEATRO  
Público adulto  
Con entrada: 6 e 4,50 €  
Duración: 105'

N.E.V.E.R.M.O.R.E. é a resposta indescifrable que o corvo do poema de Poe dá unha e outra vez ás preguntas dun home que perdeu o que máis quería. N.E.V.E.R.M.O.R.E. é unha forma de acudir á memoria

colectiva do pobo galego, un deses lugares que se poden borrar do mapa sen que pase nada. Un pobo que, así e todo, en decembro de 2002 fixo seu o berro do corvo e non se deixou convencer polas mentiras daqueles que aseguraban que non pasaba nada, que todo seguían sendo coma antes.

**Dirección:** Xron  
**Elenco artístico:** Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Mónica García, Arantza Villar, Borja Fernández, Tone Martínez

**VENRES 10 DE MARZO-20:30 H**  
**"Comando de comadres" de Matrioshka**



**PA**

TEATRO  
Público adulto  
Con entrada: 4 e 3 €  
Duración: 70'

**Dirección:** Gena Baamonde  
**Elenco artístico:** Chelo do Rejo, Anabell Gago, Mª Angeles Iglesias

Mulleres preparadas para as encomendas máis perigosas levan a cabo incursións no territorio inimigo para poñer luz sobre a inxustiza e volver airosas da misión: crear unha rede de Comandos a nivel mundial para despertar as consciencias sobre a importancia da igualdade dos dereitos e deberes sociais entre ambos xéneros, tanto no ámbito público coma no privado.

**EXPOSICIÓNS**

**Do 1-13 de febreiro: "Mergulla na historia do mar" do proxecto de promoción do patrimonio subacuático "RIMARTES. Riqueza do mar, tesouros do profundo", do GALP (Golfo Artabro Sur xunto cos GALP Costa da Morte e Costa Sostible.**

**Do 27 de febreiro-13 de marzo: "Exposición fotográfica sobre centros sociais de emprego de iniciativa social" de CEGASAL**

# CARTELEIRA DE INVERNO/PRIMAVERA

**XANEIRO  
FEBREIRO  
MARZO  
DE 2023**

## AUDITORIO E SALA DE EXPOSICIÓNS

Centro Cívico Cultural de Arteixo  
[www.arteix.org](http://www.arteix.org) / [cultura@arteixo.org](mailto:cultura@arteixo.org) / 981659100



**Venda de entradas:**

- <https://eventosarteixo.com/>
- na billeteira do CCC de Arteixo o día da función en horario de 11:30-13:30 ou 2 h antes do seu comezo até completar a capacidade da sala .

**Distribución de invitacións:**

- <https://eventosarteixo.com/>
- na billeteira do CCC de Arteixo 1 h antes do comezo da función até completar a capacidade da sala.

\*Esta programación poderá sufrir variacións

**Arteixo / Cultura**





## VENRES 13 DE XANEIRO-20:30 H "Os demos de barro" de Parrocha Studio



**+7**

LONGMETRAXE  
Público xuvenil  
Con invitación  
Duración: 90'

Longmetraxe de animación dirixida por **Nuno Beato** e nominada aos **Goya 2023**. Todas as personaxes foron creadas nas instalacións de **Parrocha Estudio** en Arteixo. **Isabel Naveira** é a actriz que da voz á protagonista da película.

*Rosa naceu no campo, pero un día mudouse á cidade e converteuse nunha muller de éxito. A morte do avó que a criou, fai que Rosa volva á súa vila natal cun sentimento de culpa por non ter correspondido a ese amor. Grazas a unha serie de cartas e indicacións, Rosa descubre que seu avó deixoulle encargada unha misión importante que a reconciliará consigo mesma e coas persoas que a rodean. Rosa entra nun mundo poboado de criaturas fantásticas, animais silvestres, e unha vida na que o ritmo das estacións e a axuda mutua son o máis importante.*

## VENRES 27 DE XANEIRO-20:30 H "Vox pópuli (nec mea vox)" de Malasombra Teatro



**PA**

TEATRO MUSICAL  
Público adulto  
Con entrada: 6 e 4,50 €  
Duración: 95'

**Autores:** José Prieto e Xoque Carbajal  
**Dirección:** José Prieto  
**Elenco artístico:** María Costas, Paku Granxa, César Goldi, Paula Pier, Carlos Mosquera "Mos", Bea García, Xoque Carbajal, Iria Sobrado, Celia González, Chechu Mosquera, Lorena Martín e Andrés Sandá.

VOX POPULI é unha ópera rock con música e letras orixinais, interpretadas en directo por doce actrices, actores e músicos, que fala do auxe da ultradereita na época actual e que toca unha gran cantidade de temas directamente relacionados con este fenómeno, tales como a inmigración, as liberdades e os dereitos sociais.

## VENRES 10 DE FEBREIRO-20:30 H "Ilusións máxicas" do Mago Xacobe Sanz



**+6**

MAXIA  
Público familiar  
Con entrada: 3 e 2,25 €  
Duración: 60'

O Mago Xacobe ofrece un show para tódolos públicos cheo de sorpresas, interacción, humor e derroche de xogos de maxia para desfrutar en familia. Un espectáculo cunha gran acollida na súa temporada en Madrid e que é sen dúbida un dos éxitos dos espectáculos infantís e familiares da carteleira madrileña.

Xacobe é un dos artistas máxicos máis activos do panorama galego, cunha dilatada traxectoria televisiva na Televisión de Galicia e máis de 2000 actuacións en toda a xeografía. 25 anos de carreira e milleiros de espectadores galegos son testemuña das súas artes, humor e misterio.

## VENRES 20 DE XANEIRO-19:30 H "Hugo" de Os Náufragos



**+4**

TEATRO  
Público infantil (4-10 anos)  
Con entrada: 4 e 3 €  
Duración: 40'

**Autor e dirección:**  
Gustavo del Río


**Elenco artístico:** María Rojas e Jimmi Núñez

Espectáculo con forte compoñente social, ao que nos ten acostumados a compañía, coa que queren sensibilizar e dar visibilidade ao trastorno do espectro autista (TEA). HUGO fala de empatía, da necesidade de comunicarnos e da beleza da diferenza, porque ser diferentes fainos grandes.

*Hugo é diferente. Gústalle moito os avións e tamén toca o piano. Laia visita a Hugo cada día. A Laia gústalle falar e as plantas. Hugo ten TEA, trastorno do espectro autista. HUGO fala da empatía, da necesidade de comunicarnos e da beleza da diferenza. Ser diferentes fainos grandes.*

PREMIO MARÍA CASARES MELLOR ESPECTÁCULO INFANTIL 2022.  
ESPECTÁCULO FETÉN 2022.

## VENRES 3 DE FEBREIRO-19:00 H "Presentación do n° 7 da Revista Follas Novas dedicada a Manuel Murguía" Fundación Rosalía de Castro




**TP**

PUBLICACIÓN  
Todos os públicos  
Entrada de balde  
Duración: 60'

Para conmemorar o Centenario do pasamento de Manuel Murguía preséntase a publicación de xeito monográfico do número 7, correspondente ao 2023, da revista **Follas novas** que edita a **Fundación Rosalía de Castro**. Sería o primeiro monográfico dedicado a un autor.

Na presentación contarase co presidente da Fundación, **Anxo Angueira**, o director da revista, **Xosé Luis Axeitos** e o director literario do Certame de Narracións Breves Manuel Murguía, **Alfredo Ferreiro**.

## VENRES 17 DE FEBREIRO-19:30 H "Backstage" de Negro López



**TP**

TEATRO  
Todos os públicos  
Con entrada: 3 e 2,25 €  
Duración: 50'

Un músico está a piques de dar un concerto en solitario. Antes de que chegue o público, prepárase entre bambolinas. Nada máis chegar, comezan os problemas: non atopa as cousas, perde as partituras, ponse nervioso... e todo porque o rexedor do espectáculo é todo un... pallaso. A través do humor físico, a música e o xogo constante co espectador, veremos a parte máis divertida do que sucede antes de saír a escena. Porque, ás veces, o mellor dos espectáculos ocorre tras o pano.

**Autor e dirección:** Iván Davila  
**Elenco artístico:** Iván Davila e Brais Iriarte